



## Concello de Outeiro de Rei

### ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2026/1	O Pleno
<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

26 de febreiro de 2026

**Duración:**

Desde las 12:20 hasta las 14:30

**Lugar:**

Casa Consistorial

**Presidida por:**

JOSÉ PARDO LOMBAO

**Secretario:**

Cristina Castro Fuentes

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	NON
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR	SÍ
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez	SÍ
33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ





## Concello de Outeiro de Rei

33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
34279261S	Noelia Pardeiro Fompedriña	NON
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ

### Escusas de asistencia presentadas:

1. José Yebra Amorín:  
«motivos pessoais»
2. Noelia Pardeiro Fompedriña:  
«motivos persoais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

<b>A) PARTE RESOLUTIVA</b>	
<b>Aprobación da acta da sesión anterior</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 9, En contra: 2, Abstencións: 0, Ausentes: 0

### Resolución:

Sométese a aprobación a acta da sesión anterior. O concelleiro nacionalista Miguel Vieito quere facer constar expresamente que existe un erro na redacción da acta da sesión anterior debido a que consta na páxina 3 da mesma que “.. o concelleiro Miguel Vieito pide a palabra e o alcalde non lla da” pero debe constar que “ o concelleiro Miguel Vieito pide a palabra por unha cuestión de orde”.

Sométese, polo tanto, a votación a aprobación da acta da sesión anterior resultando aprobada por 9 votos a favor ( 8 do PP e 1 do PSOE) e 2 votos en contra do BNG.

<b>MOCIÓN DO BNG RELATIVA A REVITALIZAR A VILA DE OUTEIRO DE REI.</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 3, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

### Resolución:

2. MOCIÓN DO BNG RELATIVA A REVITALIZAR A VILA DE OUTEIRO DE REI.  
Trátase a moción do BNG ditaminada favorablemente polos membros da Comisión





## Concello de Outeiro de Rei

---

Informativa de Asuntos de Pleno, que se copia:

### ”MOCIÓN SOBRE A NECESIDADE DE REVITALIZAR O CENTRO DA VILA DE OUTEIRO DE REI EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Outeiro de Rei é un concello cunha boa situación xeográfica, recursos naturais e patrimoniais de extraordinario valor e un tecido social activo. Porén, ese potencial está a desaproveitarse completamente pola falta de proxecto, planificación e vontade política do actual goberno municipal.

Nos últimos anos vimos como o centro da vila foi perdendo vida, servizos e actividade comercial.

O peche do supermercado, que era un servizo básico para centos de veciñas e veciños, é un dos exemplos máis evidentes desta decadencia. A perda deste establecemento non é só unha cuestión económica senón que é tamén un golpe á vida social da vila. Moitas persoas maiores, que non teñen vehículo ou medios para desprazarse, quedan agora sen unha opción próxima para facer a compra do día a día.

A este peche súmase recentemente a limitación de servizos da farmacia situada preto do centro da vila, que ten deixado de prestar un servizo de atención 24h.

Cunha poboación menor á nosa, Concellos coma Rábade, Castro de Rei, ou Friol teñen na súa capitalidade unha actividade comercial destacábel, que dá vida aos Municipios e ofrece oportunidades de negocio e de emprego á poboación.

Mentres tanto, esta Corporación non fixo nada para evitar este deterioro, nin para ofrecer alternativas, nin para atraer novos negocios ou servizos que suplan os baleiros.

Pero o problema vai máis alá: hai veciñas e veciños, así coma emprendedores que tentaron abrir oficinas, servizos profesionais ou pequenos negocios na vila e atoparon todo tipo de trabas administrativas e falta de colaboración por parte do Concello. Este grupo ten recibido xa numerosas queixas en tal sentido. Un goberno municipal que debería estar preocupado por dinamizar a economía local está, pola contra, poñendo portas pechadas e atrancos burocráticos a quen quere investir e crear actividade en Outeiro de Rei.

A realidade é que o equipo de goberno e o alcalde levan anos desentendidos da vida económica da vila. Non existe unha política de desenvolvemento local, nin un plan de apoio ao comercio.

O resultado é un núcleo urbano cada vez máis apagado, sen comercio, sen servizos e





## Concello de Outeiro de Rei

sen espazos de encontro. Unha Alcaldía que saca peito de industria e orzamentos elevados, pero que abandona o seu centro e non ofrece alternativas reais para o pequeno comercio, as persoas autónomas ou as novas iniciativas económicas.

Desde o BNG de Outeiro de Rei consideramos que esta situación é responsabilidade directa da Alcaldía e do seu equipo, pola súa falta de planificación, pola súa política de inacción e pola súa visión totalmente allea ás necesidades reais da veciñanza. O Concello non pode limitarse a iniciativas puntuais mentras o corazón da vila se apaga. Un Concello debe fomentar e crear servizos e oportunidades.

O BNG aposta por un modelo de desenvolvemento local sustentábel e galego, que combine a protección do comercio de proximidade coa atracción de novas actividades profesionais, e que faga do centro da vila un espazo vivo, útil e socialmente dinámico.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción do seguinte

### ACORDO:

1. Elaborar con carácter urxente un Plan de Revitalización Económica e Comercial da vila de Outeiro de Rei, que inclúa medidas concretas para reactivar o comercio de proximidade, atraer novos servizos e recuperar espazos en desuso.
2. Revisar as ordenanzas e restricións urbanísticas que están dificultando a instalación de oficinas, negocios e servizos profesionais no centro da vila, eliminando trabas innecesarias e simplificando a tramitación.
3. Habilitar unha liña municipal de axudas e bonificacións para a apertura de pequenos negocios e servizos en baixos comerciais actualmente pechados, priorizando aqueles que dean servizos básicos á veciñanza.
4. Solicitar da Xunta de Galicia e/ou da Deputación de Lugo, en función da competencia e se for precisa, a colaboración técnica e financeira necesaria para poñer en marcha programas de dinamización do comercio e da economía local.

Intervén a concelleira nacionalista Elvira Lombao e defende a moción.

Igualmente intervén a concelleira socialista Carmen Acacio e di que a apoia porque opina como Elvira que non existe comercio de proximidade e considera que o comercio online é un problema para o comercio de proximidade. Manifesta que apoiarán o Plan de revitalización pero dende a realidade.





## Concello de Outeiro de Rei

O Sr. alcalde di que o seu grupo non está dacordo coa moción e que o centro de Outeiro desenvolveuse moitísimo en poucos anos. Ademais de que a revitalización do comercio depende da iniciativa dos veciños. Que dende o concello, e para apoiar ós emprendedores, recóllense nas ordenanzas locais descontos en impostos e taxas. Que hai un colexio con mais de 300 nenos, farmacia, centro de saúde..e parque empresarial.

Sométese a votación a moción do BNG resultando rexeitada por 8 votos en contra ( do PP) e 3 a favor ( 2 do BNG e 1 do PSOE).

<b>MOCIÓN DO PSOE PARA A MELLORA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS.</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 3, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

### **Resolución:**

#### 3.MOCIÓN DO PSOE PARA A MELLORA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS.

Trátase a moción do PSOE, xa ditaminada na Comisión informativa de Asuntos do Pleno, que se copia:

”MOCIÓN PARA REFORZAR A IMPLICACIÓN DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI NA PROTECCIÓN DOS ANIMAIS ABANDONADOS E NA XESTIÓN DAS COLONIAS FELINAS EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A protección dos animais de compañía e a xestión das colonias felinas constitúen unha competencia municipal clara e unha responsabilidade pública que afecta directamente á convivencia veciñal, á saúde pública e á imaxe institucional do Concello.

A Lei 4/2017 de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia establece que corresponde ás entidades locais a recollida, aloxamento e control dos animais abandonados, así como a adopción de medidas de prevención do abandono e fomento da tenza responsable. Pola súa banda, a Lei 7/2023 de protección dos dereitos e o benestar dos animais reforza estas obrigas, establecendo expresamente que os concellos deben implantar programas de xestión ética das colonias felinas mediante o Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei método CER (Captura, Esterilización e Retorno), así como dotarse de protocolos e planificación adecuados.

Na actualidade, no Concello de Outeiro de Rei obsérvanse cuestións que fan recomendable unha revisión e reforzo das políticas nesta materia:

A recollida de cans extraviados está a xerar críticas por parte da veciñanza, o que indica





## Concello de Outeiro de Rei

marxe de mellora na eficacia e seguimento do servizo.

Existe un convenio coa empresa Canis Lucus S.L. para a recollida e acollida de cans extraviados, mais cómpre avaliar o seu funcionamento práctico e garantir que conte cos recursos necesarios para cumprir plenamente os seus obxectivos.

Detectáronse colonias felinas sen control estruturado, sen rexistro municipal e sen un programa sistemático de esterilización, o que pode derivar en crecemento descontrolado da poboación felina e conflitos veciñais. Non se trata de sinalar responsabilidades individuais, senón de recoñecer que a realidade normativa actual esixe unha planificación máis ambiciosa, estruturada e transparente. A experiencia doutros concellos demostra que unha política activa de xestión reduce custos a medio prazo, mellora a convivencia e evita intervencións reactivas máis complexas.

O cumprimento da normativa autonómica e estatal en materia de protección animal non debe verse como unha carga, senón como unha oportunidade para mellorar a xestión municipal, fortalecer a convivencia e ofrecer unha resposta eficaz ás demandas da cidadanía.

Esta moción pretende abrir unha etapa de mellora, diálogo e planificación, reforzando o papel do Concello de Outeiro de Rei como administración responsable, próxima e comprometida co benestar animal e coa veciñanza.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei a adopción dos seguintes acordos:

1. Realizar unha avaliación técnica do servizo de recollida de animais extraviados, incluíndo o funcionamento do convenio con Canis Lucus S.L., número de actuacións, tempos de resposta e custo anual, co obxectivo de introducir melloras se fose necesario.
2. Garantir unha dotación orzamentaria adecuada e suficiente para o cumprimento efectivo das obrigas legais en materia de protección animal.
3. Elaborar e aprobar un Protocolo Municipal de Xestión de Colonias Felinas, baseado no método CER e conforme á Lei 7/2023, no prazo máximo de seis meses.
4. Crear un rexistro municipal de colonias felinas e persoas coidadoras autorizadas, establecendo canles de coordinación co voluntariado. Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei
5. Establecer unha partida anual específica para esterilizacións e atención veterinaria, co fin de evitar o crecemento incontrolado das colonias.
6. Impulsar campañas informativas sobre identificación obrigatoria, esterilización e adopción responsable, en colaboración con centros educativos e asociacións.
7. Solicitar apoio económico e técnico á Deputación Provincial e á Xunta de Galicia para o





## Concello de Outeiro de Rei

desenvolvemento destas medidas”.

Ó rematar a lectura por parte da concelleira socialista Carmen Acacio, intervén o concelleiro nacionalista Miguel Vieito. Di que xa en decembro de 2023 presentaron unhas preguntas en relación á Lei de Benestar Animal. Denuncia que naquel momento o alcalde lle contestou que non tiñan CIM e que invertiríase primeiro niso que na Lei de Benestar Animal. Pero que 2 anos despois nin teñen CIM, nin Centro de Día nin se actúa en materia de Benestar Animal. Di que cando se chama á Garda Civil ante unha situación de can abandonado, esta non actúa si é en Outeiro de Rei. Que parece que o cumprimento das normas moléstalle ó alcalde.

O Sr. Alcalde di que o PP continúa na súa línea de goberno e que considera que a Deputación debería axudar mais ós concellos. Que Outeiro crece en poboación porque atende ós veciños e presta servizos e que non lle molesta cumprir as normas pero sí que as normas atribúan competencias ós entes locais sen financiamento.

Iníciase o segundo turno.

A concelleira socialista Carmen Acacio bótalle en cara ó Sr. alcalde que non cumpre coa Lei de Benestar animal e que hai gatos e gatas enfermos. Que os orzamentos municipais deberían destinar diñeiro para as colonias felinas.

O Sr. Alcalde contéstalle que dende o concello promóvese a adopción de animais e que é imposible ter diñeiro para atender a todo.

Sométese a votación a moción resultando rexeitada por 8 votos en contra ( do PP) e 3 a favor ( 2 do BNG e 1 do PSOE)

<b>MOCIÓN DO PP - RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 3, Abstencións: 0, Ausentes: 0

### **Resolución:**

Trátase a moción presentada polo PP e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de

Asuntos

Xerais

**”Moción do Grupo Municipal do Partido Popular para rexeitar a decisión do Goberno central de presentar recurso de inconstitucionalidade para paralizar o Plan de axilización da dependencia e da discapacidade da Xunta de Galicia**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Tribunal Constitucional vén de admitir a trámite o recurso presentado polo Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, co aval do seu Consello de Ministros, contra





## Concello de Outeiro de Rei

determinados preceptos da Lei galega 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

A decisión do órgano consitucional, que aínda non implica un pronunciamento sobre o fondo do litixio, si trae consigo o bloqueo da norma autonómica na súa vixencia e aplicación desde a data de interposición do recurso o 30 de setembro de 2025.

Sánchez volve a castigar aos galegos, nesta ocasión, violentando o autogoberno de Galicia, e freando os avances lexislativos incluídos na Lei galega, entre outros, os artigos que fan referencia ao ámbito da dependencia,

O atropelo é aínda máis grave e prexudicial se temos en conta a relevancia dos programas impugnados, todos eles con medidas pioneiras que Galicia impulsou e que son imitadas por outras administracións ou incluso polo propio Estado.

Así, por exemplo, o recurso busca impugnar o plan de axilización da dependencia e da discapacidade, que permitiu as homologacións automáticas, un veto do Goberno do Estado a unha iniciativa da Xunta de Galicia que logrou que se lles recoñecese automaticamente o grao de discapacidade a quen ten recoñecido un grao de dependencia, sen ter que facer papelame.

O Plan de Choque da Xunta de Galicia permitiu que máis de 12.600 persoas vexan recoñecido o seu grao de discapacidade e dependencia de forma automática e simplificada desde a súa posta en marcha en xaneiro de 20205.

Este acto do Executivo Central, ignora a urxencia dos galegos dependentes e actúa como un “pau nas rodas” da autonomía galega.

É cando menos incomprendible que, mentres o Estado mantén unha débeda acumulada con Galicia de 2.900 millóns de euros en materia de dependencia — incumprindo o financiamento ao 50% que marca a lei —, dedique os seus esforzos a bloquear solucións que xa estaban a funcionar.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta moción ca seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

O Pleno da Corporación Municipal acorda:

1. Dirixirse ao Goberno de España para que retire, con carácter inmediato, o recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, recurso que bloquea as políticas sociais e de dependencia de Galicia.





## Concello de Outeiro de Rei

---

2. Rexeitar a decisión do Goberno central que paraliza o Plan de Choque de Dependencia da Xunta, o que supón un ataque directo aos dereitos dos máis de 12.600 galegos que se benefician da axilización administrativa.
3. Esixir ao Goberno de España que cese no seu afán de bloquear as políticas sociais de Galicia, priorizando o benestar das persoas dependentes sobre as disputas competenciais.
4. Reclamar ao Goberno de España que cumpra as súas obrigas, abonando a débeda pendente cos galegos en materia de dependencia, e cofinanciando o 50% establecido na normativa vixente.
5. Reclamar que se respecte o autogoberno de Galicia que está a verse violentado na súa capacidade legislativa polas decisións de bloque e impugnación promovidas polo Executivo central”.

O Sr Alcalde espera que o Goberno Central reflexione e deixe de tratar as Comunidades Autónomas de forma diferente.

Di que parece mentira que poda haber partidos de esquerdas que apoiem que o goberno presente recurso de inconstitucionalidade para paralizar o Plan. Pide que se apoie a moción polos demás grupos.

Intervén o concelleiro nacionalista Miguel Vieito pídelle ó alcalde que pare coa súa demagogia.

Di que esta moción non é en absoluto urxente.

Di que o Sr. Alcalde trae esta moción ao Pleno porque lle obriga o PP porque está seguro de que nin sequera coñece a Lei de Acompañamento da que fala e tampouco lle interesa. Que a moción non ten nada que ver co Pleno. Que o Sr. Alcalde a quen quere denunciar é ao Tribunal Constitucional. Que o PP presentou múltiples recursos de inconstitucionalidade que conlevaron a paralización de todas esas Leis recurridos.

Denuncia o concelleiro que Pardo trate de botarlle a culpa a Sánchez do nefasto funcionamento da Lei de Dependencia cando o certo é que a culpa é de Rueda e non de Sánchez, como os retrasos nos expedientes. Que é fundamental diferenciar discapacidade e dependencia.

Enumera o concelleiro nacionalista todos os problemas existentes en servizos sociais e servizos de dependencia.

A concelleira socialista Carmen Acacio inicia a súa exposición aludindo a Lei de Dependencia de Zapatero. Que a Lei de servizos sociais de Galicia aprobouse en 2008 con Touriño como Presidente. Que o PP de Galicia nunca desenvolveu a Lei de Servizos Sociais





## Concello de Outeiro de Rei

de forma íntegra porque non ten elaborado o Plan Estratégico que regula. Insiste en que os servizos sociais préstanse de forma deficiente e que os funcionarios propios están desbordados. Fai unha relación exhaustiva de todas as deficiencias en materia de servizos sociais na Xunta de Galicia. Critica a política dos Bonos Cuidado.

O Sr. alcalde afirma que o seu partido e él mesmo defenden á xente e o seu país porque así o sinten, non por órdenes de arriba e que si ten que criticar ó Tribunal Constitucional o faría. Di o Sr. alcalde que Touriño pasoulle toda a responsabilidade aos concellos que son quen es asumen a Lei de Dependencia. Dí que non entende que o a concelleira socialista critique os bonos cuidado porque hai oita xente maior que prefire que lle cuiden na casa cun Bono cuidado. Que espera que prevalezca a lexislación autonómica.

Sométese a votación a moción resultando aprobada por 8 votos a favor ( do PP) e 3 en contra ( 2 do BNG e 1 do PSOE).

Iníase o turno de rogos e preguntas:

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Alcalde da lectura aos rogos presentados polos grupos da oposición:

1.- ROGO DO BNG INSTANDO A SOLICITAR DA XUNTA DE GALICIA O AMAÑO DOSBELEIRALES DA ESTRADA LU-115:

*“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas executará durante este ano obras de renovación do firme na estrada LU-115, a estrada entre Outeiro de Rei e Castro de Rei, que é unha vía da “Rede Primaria Complementaria da Xunta de Galiza”.*

*Polo que ten trascendido á prensa e consta nos lotes de contratación, as labores a realizar serían de rehabilitación do firme, pero tamén de “actuacións complementarias”.*

*Preocupa a este Grupo Municipal, e á cidadanía das parroquias ás dúas beiras da estrada concernida, que ningunha actividade parece preverse na mellora e/ou mantemento das vías de acceso e servizo da LU-115, moi empregadas por veciñas e veciños para o acceso ás súas vivendas, labores agrícolas ou traslados por mor de actividades de ocio.*

*Percorrendo as mesmas en días previos a este pleno, só pode considerarse o estado dalgún destes viais como “deplorábel” e tributario dunha acción urxente por parte da Xunta de Galiza.*





## Concello de Outeiro de Rei

*E por todo iso e dado que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei facemos ante ao Pleno o seguinte...*

**ROGO:**

*- Instar ao Concello de Outeiro de Rei a trasladar á Xunta de Galiza a necesidade de arranxar adecuadamente as vías de servizo da estrada LU-115.”*

**2.- ROGO DO BNG RELATIVO Á ROTONDA DO CENTRO DA VILA DE OUTEIRO.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A necesidade dunha regulación coherente, segura e para a cidadanía no centro de vila de Outeiro foi finalmente unha realidade no pasado 2025 coa construción dunha rotonda para a regulación do tráfico, coa sinalización de pasos de peóns, coa colocación de paradas de autocar e, en definitiva, coa moderación do tráfico.*

*A unión das dúas beiras da N-VI, longamente demandada pola veciñanza e que contou coa oposición recorrente desta Alcaldía, foi finalmente posíbel grazas ao impulso cidadán e ao acompañamento por parte do Bloque Nacionalista Galego, a través da reivindicación en rúa na nosa Localidade e a través do impulso en Madrid coa colaboración do Deputado Néstor Rego. Deuse lugar así á necesaria licitación por parte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana das últimas fases do proxecto.*

*Hoxe, ninguén pode negar que a colocación da rotonda e a consecuente regulación do tráfico son unha victoria e unha moi boa nova para a vila, que conta cun espazo consolidado e amigábel para as persoas en igualdade ao que sucede en Concellos estremeiros.*

*No momento actual, eríxese como unha oportunidade o dotar á rotonda existente dalgún elemento característico do noso Concello, que sirva, ao tempo, de recoñecemento da nosa identidade e, tamén, de proposta humanizadora da vila.*

*É por tanto que este noso Grupo Municipal propón que se leve a cabo unha intervención na rotonda coa colaboración da Administración competente nesta materia, que recoñeza a identidade outeirá, cunha instalación artística que homenaxe ao noso máis insigne escritor e fillo predilecto, Manuel María; ou ben a unha das actividades industriais que maior carácter específico tivo e ten na nosa vila, cal é a cacharrería/olaría de Bonxe.*

*E por todo iso e dado que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei facemos ante ao Pleno o seguinte...*

**ROGO:**





## Concello de Outeiro de Rei

- Que se sirva o Concello de Outeiro de Rei a prover o que for preciso e obter os permisos e autorizacións necesarios para a colocación dunha instalación artística conmemorativa ao fillo predilecto de Outeiro de Rei Manuel María, ou ben en recoñecemento do valor histórico, cultural, social e económico da olaría/cacharrería de Bonxe.

### 3- ROGO DO BNG RELATIVO Á DIXITALIZACIÓN DA AUGA.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión eficiente da auga constitúe unha responsabilidade fundamental das Administracións Públicas, tanto desde o punto de vista da garantía dun servizo básico esencial para a cidadanía como da protección do medio ambiente e do uso racional dos recursos naturais.

Na actualidade, existen ferramentas tecnolóxicas avanzadas que permiten mellorar de maneira significativa a xestión do ciclo integral da auga, reducindo perdas, detectando incidencias en tempo real e optimizando o funcionamento das infraestruturas de abastecemento e saneamento. Neste contexto, a dixitalización do ciclo da auga preséntase como unha oportunidade estratéxica para avanzar cara a un modelo máis eficiente, sostible e transparente.

A propia “Augas de Galicia” dispón dun programa específico para a dixitalización do ciclo da auga, que permite axustar as demandas reais, evitar fugas e ineficiencias, mellorar a atención ás necesidades da cidadanía e garantir unha xestión respectuosa co medio ambiente. Este sistema posibilita a monitorización dos principais elementos do abastecemento e saneamento: captacións, depósitos, estacións de tratamento de auga potable, puntos de entrega, entradas ás depuradoras e parámetros básicos de calidade da auga.

A implantación destas ferramentas dixitais facilitaría no noso Municipio a detección temperá de incidencias, permitindo adoptar medidas correctoras con maior rapidez e eficacia, evitando así perdas económicas, interrupcións do servizo e problemas de calidade da auga.

No caso concreto do Concello de Outeiro de Rei, a rede municipal de abastecemento presenta problemas recorrentes de fugas e episodios de turbidez da auga, situacións que afectan directamente á veciñanza e que poderían ser previstas ou minimizadas mediante un sistema de control e monitorización dixital constante e continuado do ciclo da auga.

Un control que se faría directamente cunha aplicación móbil na que a través de diversos gráficos está controlada en todo momento a rede municipal.

Por todo o exposto, considérase necesario que o Concello de Outeiro de Rei dea un paso adiante e se sume a este programa xa existente e dispoñíbel, aproveitando os recursos





## Concello de Outeiro de Rei

*técnicos e económicos dispoñibles para modernizar a xestión dun servizo público esencial. E por todo iso e dado que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei facemos ante ao Pleno o seguinte...*

**ROGO:**

- *Que se sirva o Concello de Outeiro de Rei a se adherir ao programa de dixitalización do ciclo integral da auga promovido por Augas de Galicia, co obxectivo de mellorar a eficiencia do sistema de abastecemento e saneamento.*
- *Que o Concello de Outeiro de Rei elabore unha diagnose técnica da rede municipal de auga que identifique puntos críticos de perdas, fugas, episodios de turbidez e deficiencias estruturais.*
- *Que o Concello de Outeiro de Rei se comprometa a poñer en marcha mecanismos de monitorización e control que garantan a vixilancia continua da rede (captacións, depósitos, estacións de tratamento, rede de distribución e saneamento).*
- *Que o Concello de Outeiro de Rei implante sistemas de aviso á cidadanía con relación á calidade da auga, cortes de subministro e/ou avarías, ora a través dos sistemas xa existentes (apartado da web municipal ou sistema de avisos municipal), ora a través de novos mecanismos dixitais.*

Dase lectura igualmente á

**”PREGUNTA DO BNG RELATIVAS Á MODIFICACIÓN DA LEI DO PATRIMONIO,  
VÍA LEIS DE ACOMPAÑAMENTO A ORZAMENTOS  
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Pola porta de atrás, sen debate parlamentario e cunha tramitación nimia, vía Lei de acompañamento dos orzamentos, é como o Partido Popular veu a modificar a Lei do Patrimonio do ano 2016.

A suposta intención da Xunta de Galiza para esta modificación é “mellorar a xestión, axilizar os trámites e reforzar a implicación dos Concellos na protección do Patrimonio Cultural”; aínda que o que se busca realmente é descargar de traballo aos órganos autonómicos, que non son quen de dar a basto co elevado volume de tramitacións relacionadas coa norma (preto de 2.300 anuais).

Forma parte este movemento dunha dinámica de desleixo, abandono e mesmo repudio da Xunta con respecto ao patrimonio galego, proba do cal son, na nosa Provincia, as Torres de Torés (que sufría hai unhas semanas o peor derrubamento da súa historia) ou a da Caldaloba, que a Xunta de Galiza nin coida nin deixar coidar.





## Concello de Outeiro de Rei

---

No noso Concello, bens coma as Torres de Sobrada ou Taboi, a Pontella da Ínsua do Maiordomo, a Capela de Bravos... e tantos outros, fican sen intervención algunha en espera da súa destrución mentras quen ten compètencia para facer algo, Administracións autonómica e Local, non o fai nin o deixa facer.

Consecuencia da modificación operada, delégase nos Concellos novas competencias, sen partida orzamentaria achegada a tal efecto. Cárgase de novas competencias a unhas Administracións que non teñen capacidade, medios, persoal ou coñecemento especializado (arquitectxs expertxs en patrimonio, historiadorxs ou arqueólogos).

Tanto é así, que a Plataforma estatal de Profesionais da Arqueoloxía presentou incluso un escrito ao Ministerio de Cultura en protesta pola reforma galega que mencionamos. Entre os motivos referidos porque “podería provocar unha desprotección real de moitos bens culturais (...) debilitando os mecanismos básicos de protección patrimonial”.

Súmase este recelo ao manifestado polo Consello da Cultura Galega, a través do seu “Informe sobre o impacto do Proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas do 20 de outubro do 2025 sobre a protección do patrimonio cultural”.

En plenos anteriores se ten proposto a este Concello, por exemplo, poñer en marcha unha Oficina de Información Catastral, tendo como resposta da Alcaldía que o persoal de urbanismo xa estaba suficientemente sobrecargado e que non podía asumirse esta función nin ningunhaoutra. Tanto daba que a posta en marcha da Oficina constase con medios estatais ou que precisamente fose unha medida para descargar ao persoal municipal.

Con esta medida da Lei de Patrimonio, por contra, o noso Alcalde sae en prensa cantando as loubanzas da modificación da Xunta. Parece que agora non importa que o persoal estea sobrecargado. Parece que agora non importa que unha Administración coloque competencias no Concello sen partida orzamentaria.

E por todo iso e dado que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei facemos ante ao Pleno as seguintes...

### PREGUNTAS:

- Ten o Concello de Outeiro de Rei avaliado a sobrecarga que a modificación da Lei de Patrimonio suporá no persoal municipal? - - - Exibirá o Concello de Outeiro de Rei á Xunta de Galiza que dote de orzamento abonda a esta nova competencia que se fai residenciar no noso Concello?

- Cal é o motivo, se é que hai algún, de que o Concello de Outeiro de Rei sexa practicamente o único de toda a Provincia que non ten un Punto de Información





## Concello de Outeiro de Rei

---

Catastral?

- Que medidas prevé tomar o Concello de Outeiro de Rei con relación á conservación de bens coma a Pontella da Ínsua do Maiordomo (na Lista Vermella de Patrimonio de Hispania Nostra), a Torre de Taboi (na Lista Vermella de Patrimonio de Hispania Nostra), a Torre de Sobrada (que ameaza derrubamento inminente), a Capela de Bravos (en risco de desaparición) e outros bens patrimoniais do acervo ouiterán?”

O Sr. alcalde conteta ás preguntas formuladas.

Respecto da primeira pregunta contesta que se pode asumir.

Respecto da segunda pregunta contesta que non cré que se trate dun coste excesivo e que sí se pode asumir.

Respecto da terceira pregunta contesta que é porque o concello non ten que asumir facerlle este favor a catastro. Que se trata dun tema de catastro e que o concello xa ten suficiente carga administrativa e burocrática.

Respecto da pregunta cuarta contesta o Sr. Alcalde que se dedican recursos aos mantementos do Patrimonio todos os anos e que oxalá se puidesen por en valor esos bens.

A Corporación municipal do Concello de Outeiro de Rei presenta ante o Pleno a MOCIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI RESPECTO DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO POLO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES. Ó non figurar na Orde do Día, apróbase a súa incorporación a esta por urxencia e por unanimidade de todos os membros da Corporación.

Dase lectura pola Secretaria á **Declaración institucional do Concello de Outeiro de Rei polo 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres** ”O 8 de marzo conmemórase o Día Internacional das Mulleres, proclamado pola Organización das Nacións Unidas no ano 1975. Esta data ten como fin visibilizar as desigualdades, reivindicar dereitos e celebrar os logros sociais, políticos, económicos e culturais acadados polas mulleres. O largo da historia as mulleres foron protagonistas fundamentais no desenvolvemento social, cultural, científico, económico e político dos nosos pobos. A súa valentía na loita contra as inxusticias, o seu liderazgo na defensa dos dereitos humanos, o papel esencial nos coidados e a súa responsabilidade como pilar fundamental na familia foi sen dúbida unha importantísima contribución ao progreso social. Gracias o seu esforzo hoxe contamos con mais oportunidades, dereitos e mais espazos de participación. Hoxe en día o feminismo inclusivo é motor da transformación social, política e cultural. Este movemento ten como obxectivo principal buscar a igualdade de dereitos entre homes e





## Concello de Outeiro de Rei

mulleres en todos os ámbitos.

Grazas ao labor do movemento feminista e á implicación de institucións e axentes sociais, esta igualdade entre homes e mulleres procura incorporarse de maneira transversal ás políticas públicas, situando no centro cuestións como os coidados, a conciliación, a corresponsabilidade e a loita contra todas as formas de violencia contra a muller. A pesar de todos os logros conseguidos continúan existindo fendas de xénero no ámbito laboral —salarial, de promoción profesional e de presenza en postos de responsabilidade e participación nas tomas de decisións , unha distribución desigual das tarefas de coidado e múltiples formas de discriminación que afectan especialmente ás mulleres en situación de maior vulnerabilidade: mulleres con discapacidade, maiores, migrantes, pertencentes a minorías étnicas ou residentes no rural. As violencias machistas seguen a ser a expresión máis brutal desta desigualdade. O que durante anos foi considerado un asunto privado, hoxe en día é considerado un grave problema social que require unha resposta firme e coordinada dos poderes públicos. Ante esta realidade non caben neutralidades nin retrocesos.

Algo que vivimos a día de hoxe froito de moitas posibles causas, entre elas a perda de valores , en moitos caos a desestructuración familiar o peso cada vez maior nas nosas vidas das novas tecnoloxías, que recoñecendo os seus grandes beneficios que acompañan o desenvolvemento, tamén hai que recoñecer e reflexionar sobre as consecuencias importantes que están tendo na poboación, particularmente na xuventude, que é a xente con responsabilidades no futuro. Consecuencias como o incremento da violencia, a desinformación que conleva a perda de pensamento crítico. Consecuencia que poñen en risco non so a igualdade entre homes e mulleres senón tamén a propia democracia.

Todos e todas temos unha gran responsabilidade para frear esta situación.

Por iso, dende o Concello de Outeiro de Rei representado por no órgano colexiado do Pleno e polos seus diferentes representantes políticos, reafirmamos o noso compromiso coa igualdade real e efectiva entre homes e mulleres e seguiremos a impulsar políticas públicas transformadoras que integren a perspectiva de xénero en todas as áreas municipais.

Este 8M, o Concello de Outeiro de Rei anima á veciñanza a participar nos actos organizados e a continuar construíndo colectivamente unha sociedade libre de discriminacións e violencias.

Por todo o conseguido, non queremos privilexios, queremos igualdade; non queremos menos, queremos o xusto; porque ser muller non é menguar, é medrar. Este 8 de marzo nin un paso atrás na defensa dos dereitos das mulleres.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL





## Concello de Outeiro de Rei

Non hai asuntos
<b>C) ROGOS E PREGUNTAS</b>
Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

